

O PSOE de Vilalba insta ao alcalde a retirar “sen dilación” un guindastre dun solar da Avenida Terra Chá, ao supoñer “un risco real para a cidadanía”

O Grupo Municipal Socialista levará ao vindeiro Pleno unha moción para pedir ao rexedor que ordene a execución subsidiaria da retirada desta máquina, que se atopa situada nun solar na avenida Terra Chá e que constitúe un verdadeiro perigo para os viandantes e os bens particulares que están ao seu alcance

Lembran que, dende que se paralizou a construción do inmovible para o que era necesaria a utilización deste apero, “non se fixo nada para evitar os problemas que poden ocasionar as condicións de deterioro nas que se atopa”

Interesaranse tamén polos verdadeiros motivos polos que non se ten formalizada a aprobación inicial do PXOM, pola organización do FIV 2015 e polo investimento prometido de 100.000 euros en actuacións para o arranxo da zona estragada na presa do Muíño dos Pasos

VILALBA, 26 DE MARZO DE 2015.-O Grupo Municipal Socialista de Vilalba levará ao vindeiro Pleno, que terá lugar mañá venres 27 de maio, unha moción para instar ao alcalde a que “sen dilación” ordene a execución subsidiaria da retirada do guindastre situado no solar entre os números 83 e 91 da avenida Terra Chá, pois supón “un risco real para a cidadanía e un verdadeiro perigo para os viandantes e os bens particulares que están ao seu alcance, como é o caso das 30 vivendas habitadas, e que poderían verse afectadas directamente en caso de accidente.

Neste senso, os socialistas lembran que, dende que se paralizou a construción do inmovible para o que era necesaria a utilización deste apero, “non se fixo nada para evitar os problemas que poderían supoñer as condicións de deterioro nas que se atopa”. Por iso, e ante a manifesta situación de alarma e inseguridade veciñal, os socialistas instan ao Goberno local a tomar medidas inmediatas ao respecto.

Falta de información sobre o PXOM

Os edís do PSOE interesaranse, ademais, polos verdadeiros motivos polos que non se ten formalizada a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal. A este respecto, os socialistas critican que dende o equipo de goberno seguen a “non ofrecer ningún tipo de información” sobre o estado no que se atopa a redacción de dito documento; de aí que “esixamos explicacións públicas desta parálise tan escandalosa”, afirman.

FIV 2015

Entre os asuntos que tratarán este venres, os socialistas formularán unha serie de cuestións relativas ao FIV 2015 que vén de celebrarse a pasada semana. Concretamente, solicitarán ao concelleiro de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente, información relativa a recadación acadada en concepto de venda de entradas, os procedementos seguidos para a selección dos voluntarios e voluntarias que resultaron gratificados economicamente e as cantidades que percibiron. Tamén será obxecto de consulta se se procedeu a regalar entradas dende a organización e, de ser así, con que criterio se realizou dita acción.

Asemade, os socialistas queren saber o número de persoas que tiñan pases ao recinto do festival sen custo algún. O obxectivo, insisten, é coñecer se a entidade local cumpriu cos parámetros estipulados pola lexislación vixente para a organización dun evento destas características, xa que, como ten denunciado en anteriores ocasións o Grupo do PSOE, “na edición do 2014 demostramos que o edil mentiu deliberadamente no Pleno e incumpriu as esixencias administrativas para celebrar

o FIV". Por iso, nesta ocasión, piden que se dean explicacións sobre estas cuestións e, sobre todo, se o festival se desenvolveu de xeito correcto e conforme á lexislación vixente.

Preocupación pola Presa dos Pasos

O PSOE tamén solicitará do alcalde información relativa ao anuncio realizado recentemente en Vilalba polo Presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, e que incluía o investimento de 100.000 euros por parte do organismo estatal en actuacións para o arranxo da zona estragada na presa do Muíño dos Pasos e no paseo fluvial. Deste xeito, os socialistas queren coñecer se existe algún convenio asinado para a execución destas actuacións, así como que se vai a facer en concreto.

Este é un tema que preocupa enormemente aos socialistas. Proba diso é que, xa no mes de febreiro, anunciaron que levarían ao Congreso o asunto, co fin de coñecer as previsións da CH para arranxar o derrubamento da estrutura da presa do rairo a consecuencia do "boquete" que se abriu hai un par de anos por causas naturais, e de establecer medidas preventivas ante a posibilidade de que se producira un mal maior, pois o socavón está no paseo polo que a diario camiñan ducias de cidadáns.

Outros asuntos

Noutra orde de asuntos que plantexará o Grupo do PSOE, destacan as obras de reparación do firme do Paseo dos Condes ou as actuacións levadas a cabo na parcela calificada como zona verde, emprazada na entrada do polígono das Sete Pontes, e que está a ser utilizada como aparcadoiro.

Tamén incluírán no seu abano de consultas o conflito que acontece entre a empresa adxudicataria da piscina municipal e os traballadores. Ao respecto deste último asunto, os representantes do PSOE queren coñecer a situación na que se atopan os empregados e se é firme a resolución do concello na que se adoptou a rescisión do contrato coa firma adxudicataria.